

Ola familias!

Infórmovos dos contidos temáticos que estamos traballando en clase para que de xeito natural sexan reforzados coa familia, aproveitando calquera momento do día.

Ciencias da Natureza. - Tomamos conciencia do noso corpo. As partes do corpo. *Conceptos básicos:* Cabeza, tronco, extremidades. Usamos cada parte para cousas diferentes. Movémonos. As articulacións como puntos por onde dobramos o corpo. As posturas corporais. Ao longo do día necesitamos movernos para moitas cousas. O noso cerebro controla todo o corpo e o espacio para ubicarnos. Canción: "As partes do corpo" de Migallas.

Ciencias Sociais. - A escola. Coñecemos as diferentes estancias do colexio. *Conceptos básicos:* Vocabulario sobre materiais e persoas que traballan na escola. Actividades que realizamos. A importancia dos compañeiros/as e amigos/as. Compartimos vivencias e nos axudamos uns a outros. Canción: "Marcho que teño que marchar" de Magín Blanco. Secuenciamos o que

vai ocorrendo no vídeo.

Lingua Castelá e lingua Galega. - Reparamos na existencia dos dous idiomas e valoramos ambos!!

Os nomes das cousas. Tódalas cousas, sensacións e sentimentos teñen un nome, que é unha palabra. Nos comunicamos. Cando falamos, formamos oración coas palabras. Facemos unha sinxela narración oral que conteña tres palabras determinadas. A expresión a través do corpo. A lectura e a escritura como formas de comunicación. Situacións cotiás nas que hai que ler e escribir: no supermercado, na estrada, cando imos a un sitio descoñecido... Coñecemos as letras e formamos sílabas e palabras: As vogais, M, P, L. Preescritura cós fonemas anteriores, realizando correctamente o trazo.

Matemáticas. - Necesitamos os números para contar cousas. Cando contamos 10 formamos unha DECENA. Facemos decenas con palillos e con chapas. Podemos xuntar cousas e quitar cousas (conceptos de suma e resta). Buscamos números na nosa contorna próxima: os membros da familia, o zapato, a talla, a casa, o teléfono, a matrícula, os prezos... Buscamos con que números podemos formar 10. Os números entre 10 e 20. (unha decena, máis determinadas unidades: 10+1, 10+2, 10+3...)

Un saúdo

Eugenia